

## Clásicos de nadal

CHARLES DICKENS


### A Christmas Carol

The story tells of sour and stingy Ebenezer Scrooge's ideological, ethical, and emotional transformation after the supernatural visitations of Jacob Marley and the Ghosts of Christmases Past, Present, and Yet to Come. *A Christmas Carol* remains popular, has never been out of print, and has been adapted to film, opera, and other media.

### EMILIO PASCUAL, Días de Reyes Magos

Editorial Anaya

El libro trata de un adolescente que se llama Ulises y comienza narrando como a los 8 años descubre que los Reyes Magos no existen.



### MANUEL RIVAS Contos de Nadal

Edicións Xerais.

Oito historias de puro nadal: "O namorado de María" ou a peripecia dos tres Magos a bordo dun automóbil; "Madonna" ou a crónica dunha rapaza de 4º ESO; "O partido de Reis" ou a proeza dun mozo con síndrome de Down nun encontro contra o equipo das Casas Baratas; "O carteiro de Papá Noel" ou a experiencia de quen traballou nuns grandes almacéns.

### Nochebuena

EDUARDO GALEANO

Fernando Silva dirige el hospital de niños en Managua.

En vísperas de Navidad, se quedó trabajando hasta muy tarde. Ya estaban sonando los cohetes, y empezaban los fuegos artificiales a iluminar el cielo, cuando Fernando decidió marcharse. En su casa lo esperaban para festejar.

Hizo una última recorrida por las salas, viendo si todo queda en orden, y en eso estaba cuando sintió que unos pasos lo seguían. Unos pasos de algodón; se volvió y descubrió que uno de los enfermitos le andaba atrás. En la penumbra lo reconoció. Era un niño que estaba solo. Fernando reconoció su cara ya marcada por la muerte y esos ojos que pedían disculpas o quizá pedían permiso.

Fernando se acercó y el niño lo rozó con la mano:

-Decile a... -susurró el niño- Decile a alguien, que yo estoy aquí.

## A noite do Apalpador



Foi o historiador Xesús Taboada Chivite dos primeiros en documentar o ancestral costume da "Noite do apalpadoiro" que consistía en palpar o ventre das persoas, sobre todo dos nenos e nenas, na noite de fin de ano, por ver se comeron ou non para todo o ano que entra. A raíz doutras publicacións máis recentes, nos últimos anos estase a recuperar o personaxe propio

do nadal galego denominado o *Apalpador*, nas montañas luguresas; ou *Pandigueiro*, nas terras de Trives.

Nos bosques das montañas do Courel habita o Apalpador, un vello xigante bondadoso. Viste roupa moi gastada e remendada, abriga a cabeza con boina, fuma en pipa, ten por oficio o antigo de facer carbón vexetal, e come bagas, froitos silvestres, e tamén xabaríns e corzos; se cadra, algunha perdiz.

Na noite do 31 de decembro, cando morre un ano e vai nacer outro, baixa da súa cabana alta e solitaria cun enorme saco de castañas asadas ó lombo, e entre o frío e a neve, visita todas as aldeas dos vales circundantes, os lugares onde hai nenos.

Cando xa todos dormen, entra nas casas, e tendo moita conta de non facer ruído, apalpa as barrigas dos pequenos por ver se están ou non ben alimentados. Se comproba que a criatura está mantida, di: "Así, así esteas todo o ano", e deixa ó lado da cama unha boa presada de froitos arrecendentes, mais se observa que non é así, cala, non di nada, e doa tamén o seu presente, aínda que, por fortuna, hai moitísimos anos que non ve ventres baleiros, porque a fame xa non vive en ningún recanto do noso país. E non só froitos do castiñeiro entrega, que dende hai un tempo seica os acompaña cun pequeniño xoguete de construción artesanal cheo de agarimo. Co abrente, logo do reparto, regresa ó seu acubillo do bosque.

Texto: Xurxo L. Valcárcel Gil Imaxe: Xoán G.

Fonte: Galicia Encantada. Enciclopedia da fantasía popular [www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com)

## No Nadal, agasalla con libros



# Abrapalabra\*

Biblioboletín número 1 – Nadal 2010

**33 RAZONES  
PARA LEER  
EN NAVIDAD**



PARA SOÑAR  
PARA DUDAR  
PARA AFIRMAR  
PARA IMAGINAR  
PARA PASARLO BIEN  
PARA HUIR DEL RUIDO  
PARA REÍR. PARA LLORAR  
PARA NO SER LO QUE SOMOS  
PARA CRECER. PARA EVADIRNOS  
PARA DESTERRAR. LA MELANCOLÍA  
PARA CONSOLARNOS. PARA APRENDER  
PARA CONOCERNOS A NOSOTROS MISMOS  
PARA APRENDER A PENSAR. PARA IMAGINAR  
PARA JUGAR. PARA DESCUBRIR NUEVOS MUNDOS  
PARA SABER QUE ESTAMOS VIVOS. PARA EXPLORAR  
PARA SABER QUE NO ESTAMOS SOLOS. PARA SABER MÁS  
PARA COMPARTIR UN LEGADO COMÚN. PARA CREAR MUNDOS  
PARA CONOCER A OTROS. PARA CONOCER OTROS MUNDOS  
PARA CONOCER A LOS OTROS. PARA SER LO QUE NO SOMOS  
PARA COMBATIR LA FEALDAD. PARA REFUGIARNOS.  
PARA VIVIR MÁS PARA DETENER EL TIEMPO

**A Q U Í  
V A T U  
M O T I V O**

Victoria Fernández  
Directora de la revista CLIJ

## SUMARIO

### Textos

"Nochebuena" de EDUARDO GALEANO

"A noite do Apalpador" [www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com)

### Información

Clásicos de Nadal

Recursos web do centro

Novidades na biblioteca

Lecturas obrigatorias dos departamentos de lingua

## Lecturas do 2.º trimestre

1º.ESO	Galego	ANXO FARIÑA, <i>Megatoxos I. (Fornecido polo Departamento)</i>
	Castelán	O. WILDE, <i>El fantasma de Canterville.</i> R. KIPLING, <i>Rikki Tikki-Tavi. (Fornecidos polo Departamento)</i>
	Inglés	<i>England</i> , ed. Oxford. <i>Witches and Wizards</i> , ed. Burlington.
2º.ESO	Galego	SUSO DE TORO, <i>Conta saldada.</i>
	Castelán	R. DAHL, <i>Boy. Relatos de infancia.</i> R. ZAFÓN, <i>El príncipe de la niebla.</i>
3º.ESO	Galego	G. MOURE, <i>Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake.</i>
	Castelán	<b>Listaxe aberta</b>
	Inglés	<i>The Call of the Wild</i> , ed. Penguin. <i>Nightmare before Christmas</i> , ed. Penguin.
4º.ESO	Galego	CASTELAO, <i>Cousas.</i> Galaxia.
	Castelán	DELIBES, <i>El camino.</i> LORCA, <i>La casa de Bernarda Alba.</i> LORCA, <i>Bodas de sangre.</i> VALLE-INCLÁN, <i>Sonata de primavera.</i> PARDO BAZÁN, <i>Los pazos de Ulloa.</i>
	Inglés	<i>The Young King and other stories</i> by OSCAR WILDE, ed. Penguin. <i>Sweeney Todd</i> , ed. Penguin.
	Galego	D. VILLAR, <i>Ollos de auga.</i> D. VILLAR, <i>A praia dos afogados.</i> SÉCHU SENDE, <i>Made in Galiza.</i> M. RIVAS, <i>Que me queres, Amor?</i> RIVEIRO COELLO, <i>Casas baratas.</i> R. COELLO, <i>As rulas de Bakunin.</i>
1ºBAC	Castelán	CALDERÓN. DE LA BARCA, <i>El alcalde de Zalamea.</i> F. DE ROJAS, <i>La Celestina.</i> ANÓNIMO, <i>Lazarillo de Tormes.</i>
	Inglés	<i>The Brontë Story</i> , ed. Oxford. <i>The Murders in the Rue Morgue and other stories</i> by E.A.POE, ed. Burlington.
2ºBAC	Galego	BLANCO AMOR, <i>A esmorga.</i>
	Castelán	BUERO VALLEJO, <i>La Fundación.</i> M. MOLINA, <i>Plenilunio.</i> GARCÍA MÁRQUEZ, <i>Crónica de una muerte anunciada.</i> SALINAS, <i>La voz a ti debida.</i>
	Inglés	<i>Brave New World</i> by ALDOUS HUXLEY, ed. Burlington.

## CORNELIA FUNKE

### Reckless. Corazón de pedra



Jacob Reckless cometeu un erro: despois de moitos anos de precaución, seu irmán Will cruzou o espello e foi tras el... a un mundo no que os contos máis tenebrosos se volven realidade e no que a maldición dunha fada sementa carne de pedra. Ese mundo foi fuxida e fogar para Jacob durante moitos anos e nel andou por fragas e outeiros na busca de obxectos máxicos para reis e emperadores. Pero cando a pel de Will se transforma en xade, Jacob marcha na procura dunha única cousa: a menciña que salve a seu irmán.

## RICK RIORDAN

### El ladrón del rayo



¿Qué pasaría si un día descubres que, en realidad, eres hijo de un dios griego que debe cumprir una misión secreta? Pues eso es lo que le sucede a Percy Jackson, que a partir de ese momento se dispone a vivir los acontecimientos más emocionantes de su vida.

El ladrón del rayo da comienzo a una apasionante serie de aventuras sobre un mundo secreto. Es el primer libro de la serie *Percy Jackson y los dioses del Olimpo*

## JOSÉ MAURO DE VASCONCELOS

### A miña planta de laranxa lima



Tradución ao galego dun clásico das letras brasileiras.  
“*História de um meninozinho que um dia descobriu a dor... A história comovente do menino Zezé, um rapaz pobre, inteligente, sensível e carente. Com a falta de afecto que nao encontra na família, o endiabrado rapaz vai pelas ruas fazendo mil travessuras. Mas a vida ensina-lhe tudo demasiado cedo.*”

### Busca máis obras no noso catálogo

## OPAC-Meiga

Consultas do catálogo incluído no Proxecto Meiga do Portal das bibliotecas de Galicia:

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>



## RAUL VACAS

### Esto y Eso



Pasa, lector, y ocupa aquí tu asiento, abre este libro, hojear sus materias, siente del corazón las cosas serias, prueba el remedio del conocimiento.

Será la geografía tu alimento, sangre la nueva historia en tus arterias, secundarias las fiestas y las ferias, la biología tu mejor sustento.

Lee cada poema con paciencia, estudia los idiomas de los besos, las matemáticas de tu existencia,


y así, cuando conozcas tus excesos y aprendas a vivir con otra ciencia, podrás recomendarlo a estos y esos.

Libro de poemas organizado en diferentes secciones que se corresponden con las principales materias que se cursan en la Educación Secundaria Obligatoria.

## DOMINGO VILLAR

### Ollos de auga

### A praia dos afogados




As dúas entregas, ata o momento, protagonizadas polo inspector Leo Caldas. As novelas policiais galegas que se están a traducir e a ler en toda Europa. Historias de misterio zarrapicadas de ironía, intriga retranqueira, novela negra en cores.

### WEB RECOMENDADA

### Navega con rumbo

<https://www.edu.xunta.es/navegaconrumbo/>



Plan deseñado polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) con guías para o alumnado, profesorado e nais e pais.

A Internet é divertida e útil. É un mundo infindo que che ofrece moitas posibilidades. Atoparás algunhas recomendacións na Guía do Alumnado que farán máis segura a túa navegación polo ciberespazo. Hai un principio común a todas elas: non fagas en Internet nada do que non farías na túa vida real.

